

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL**

RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2023 pola que se amplía o crédito da Resolución do 26 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2023, en réxime de concorrência competitiva, as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN500A).

O 17 de febreiro de 2023 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG núm. 34) a Resolución do 26 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2023, en réxime de concorrência competitiva, as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN500A).

O artigo 31.1 da Resolución do 17 de febreiro de 2023 citada establece que na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 está consignado crédito por importe de 5.400.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.A4.741A.770.0, código de proxecto 2018 00009, para atender as axudas da presente resolución. O financiamento desta convocatoria complementarase con 3.600.000,00 € con cargo á dita aplicación e proxecto no ano 2024.

O artigo 31.3 da Resolución do 17 de febreiro de 2023 prevé a posibilidade de que a Axencia poida aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta resolución cando o incremento derive dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

Estas axudas, encadradas na submedida 8.61 do PDR de Galicia 2014-2020, financiaranse con cargo ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia, cunha achega do Feader do 75 %, do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación do 7,5 % e da Xunta de Galicia do 17,5 %.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

RESOLVO:

Artigo único. *Ampliación do crédito orzamentario*

Ampliar por un importe 5.100.000 € o crédito correspondente para as anualidades 2023-2024 das subvencións establecidas na Resolución do 26 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN500A).

Na seguinte táboa detállase o crédito definitivo:

Crédito	Aplicación orzamentaria	Proxecto	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Total
Inicial	14.A4.741A.770.0	2018 00009	5.400.000 €	3.600.000 €	9.000.000 €
Ampliación			100.000 €	5.000.000 €	5.100.000 €
Total			5.500.000 €	8.600.000 €	14.100.000 €

Artigo 2. *Ausencia de efectos sobre o prazo de solicitudes*

A modificación prevista no artigo 1 desta resolución non afecta o prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2023

Jacobo Aboal Viñas
Director da Axencia Galega da Industria Forestal

